

REXISTRO DE XORNADA DIARIA

TRABALLADORES

2022-06-02

A empresa ten a obriga de rexistrar a xornada diaria dos seus empregados, tanto si se trata de traballadores a tempo completo como a tempo parcial, que deberá incluír o horario concreto de inicio e de finalización da xornada de traballo de cada persoa traballadora, sen perxuício da flexibilidade horaria que poda establecerse, todo elo para dar cumprimento o artigo 34.9 do Estatuto dos Traballadores.

A lexislación non especifica nada de cómo debe ser o rexistro, polo que en principio é válido calquer sistema que sexa fiable, obxectivo e que non poida ser alterado ou modificado pola empresa, polo que poden optar polo rexistro en papel (lembrámoslle que cada vez que se da de alta un traballador enviamos xunto co contrato un rexistro de xornada que poderán usar cada mes) ou ben, usar un rexistro informatizado.

Este rexistro deberá conservarse durante un prazo de 4 anos e permanecerá a disposición das persoas traballadoras, dos seus representantes sindicais no caso de habelo, e da Inspección de Traballo, xa que o seu incumprimento será considerada como unha infracción grave que leva aparellada unha sanción entre 625 e 6.250 euros.